

ACTA Nº 10/2011

CONCELLO DE PARADELA

PROVINCIA DE LUGO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E CATRO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL ONCE.

En Paradelá, a vinte e catro de novembro de 2011.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D^a M^a TERESA VEIGA RODRÍGUEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. SENÉN LÓPEZ GARCÍA

Non asiste a Sra. Concelleira D^a. ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ, por motivos de traballo que lle impediron asistir á sesión.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º-. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 22 DE SETEMBRO DE 2011 E DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 24 DE OUTUBRO DE 2011.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar ás actas, da sesión ordinaria

FOLLA Nº 2

celebrada polo Pleno o día 22 de setembro de 2011 e da sesión extraordinaria celebrada polo Pleno en data 24 de outubro de 2011, das que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 22 de setembro de 2011 e da sesión extraordinaria celebrada polo Pleno en data 24 de outubro de 2011

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos dez Concelleiros que asisten á sesión, (oito do grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista) sendo once o número legal de membros.

2º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL E PLANTILLA DE PERSOAL - EJERCICIO 2012.

O Sr. Alcalde presenta o Orzamento, dicindo que se trata duna no difícil, pero o Orzamento increméntase respecto do ano anterior en 50.000,00 euros xa que o Concello non ten cantidades a compensar na Participación dos Tributos do estado e pola previsión de ingresos por importe de 21.500,00 euros procedentes das placas solares.

Que as inversións alcanzan os douscentos sesenta mil euros, un 3% máis ca no exercicio anterior, relatando as cantidades do orzamento de ingresos por capítulos.

Fai referencia tamén a que o Orzamento se presenta con toda a documentación e anexos que establece a lexislación vixente, facendo fincapé no estado de gastos.

Toma a palabra a portavoz do grupo municipal Socialista, D^a. Sonsoles López agradecendo a explicación dada polo Sr. Alcalde e manifestando que o seu Grupo vaise abster na votación.

A continuación procede a expor a proposta do grupo municipal popular, que é a seguinte: “Confeccionado o orzamento xeral municipal para o exercicio 2012 xunto coas respectivas Bases de Execución e demais Anexos ou Estados que deban acompañalo, de conformidade co establecido nos artigos 166 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, esta Alcaldía eleva ó Pleno a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación o proxecto de orzamento xeral municipal para o exercicio 2012 co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓN NON FINANCEIRAS

A) GASTOS POR OPERACIÓN CORRENTES

CAPÍTULO I: Gastos de Persoal	412.000,00
CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos	381.500,00
CAPÍTULO III: Gastos Financeiros	10.000,00
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	30.000,00

B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL

CAPÍTULO VI: Inversións Reais	260.300,00
CAPÍTULO VII: Transferencias de capital	0,00

OPERACIÓN FINANCEIRAS

CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros	26.200,00

TOTAL: 1.120.000,00

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN NON FINANCEIRAS

A) INGRESOS POR OPERACIÓN CORRENTES

CAPÍTULO I: Impostos Directos	286.000,00
CAPÍTULO II: Impostos Indirectos	50.000,00
CAPÍTULO III: Taxas e outros Ingresos	107.000,00
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	590.000,00
CAPÍTULO V: Ingresos Patrimoniais	21.700,00

B) INGRESOS POR OPERACIÓN DE CAPITAL

CAPÍTULO VI: Enaxenación inversións reais	0,00
CAPÍTULO VII: Transferencias de Capital	65.300,00

OPERACIÓN FINANCEIRAS

CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos financeiros	0,00

TOTAL: 1.120.000,00

SEGUNDO. Aprobar inicialmente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

TERCEIRO. Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o exercicio 2012, as Bases de Execución e a plantilla de persoal aprobados, polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncios no Boletín da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos do seu exame e presentación, no se caso das reclamacións oportunas polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estos acordos no caso de que non se presente reclamación algunha.

FOLLA Nº 4

QUINTO. Remitir copia á Administración do Estado, a sí coma ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

A continuación procédese á votación, resultando aprobado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, cos oito votos a favor dos membros do Grupo Municipal Popular e dúas abstencións dos membros do Grupo Municipal Socialista; sendo once o número legal de membros.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA CREACIÓN E SUPRESIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

O Sr. Alcalde-Presidente, inicia este punto da orde do día dando lectura á proposta de Alcaldía seguinte:

“Tendo en conta a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro (BOE nº 298, do 14 de decembro) e o Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, que establece a obriga das Administracións Públicas de poñer en marcha diversas medidas de seguridade destinadas a garantir a protección de datos de carácter persoal.

Visto o artigo 52 do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de carácter persoal (LOPD artigo 20), dispón que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros de titularidade pública só poderán facerse por medio de disposición xeral ou acordo publicado no Boletín Oficial correspondente.

Vistas as obrigas citadas, e co fin de actualizar os procedementos internos de xestión e tratamento da información existente no Concello de Paradela, O Alcalde-Presidente propón ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO.- Crear os ficheiros de datos de carácter persoal que figuran no Anexo I.

SEGUNDO.- Supresión de ficheiros de datos de carácter persoal que figuran no Anexo II.

TERCEIRO.- Facer público este acordo, de conformidade co artigo 20 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal (BOE nº 298, 14 de Decembro), mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para a súa posterior notificación á “Agencia Española de Protección de Datos” co obxeto da súa inscrición no “Registro General de Protección de Datos”.

O Acordo entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

ANEXO I

1. FICHEIRO ARQUIVO.

a) Servizo ou unidade ante a cal o afectado pode exercer os seus dereitos:

FOLLA Nº 5

Os interesados poderán exercer os seus dereitos sobre os datos contidos neste ficheiro, ante o Concello de Paradela, C/ Cabaleiros de Santiago, 15.-27611.- Paradela.- Lugo.

b) Denominación: Arquivo.

c) Descrición da finalidade e usos previstos: Controlar e xestionar o arquivo histórico, así como as consultas realizadas ó mesmo.

d) Finalidade: Outras finalidades.

e) Orixe e procedencia dos datos: O propio interesado ou o seu representante legal.

f) Colectivos ou categorías de interesados: Solicitantes, Cidadáns e Residentes.

g) Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro:

g.1 Datos de carácter identificativo: NIF/ DNI, Enderezo, Teléfono, Nome e Apelidos.

h) Sistema de tratamento: Mixto.

i) Medidas de seguridade: Nivel Básico.

j) Cesións ou comunicacións de datos: A derivada de permitir a consulta do arquivo.

k) Transferencias internacionais: Non teñen prevista ningunha transferencia internacional.

2. FICHEIRO CULTURA, XUVENTUDE E DEPORTE.

a) Servizo ou unidade ante a cal o afectado pode exercer os seus dereitos:

Os interesados poderán exercer os seus dereitos sobre os datos contidos neste ficheiro, ante o Concello de Paradela, C/ Cabaleiros de Santiago, 15.-27611.- Paradela.- Lugo.

b) Denominación: Cultura, xuventude e deporte.

c) Descrición da finalidade e usos previstos: Organizar e xestionar as actividades socioculturais ofertadas polo concello, incluída a xestión da biblioteca.

d) Finalidade: Educativa e cultural, outras finalidades.

e) Orixe e procedencia dos datos: O propio interesado ou o seu representante legal.

f) Colectivos ou categorías de interesados: Solicitantes, Cidadáns e Residentes.

g) Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro:

g.1 Datos de carácter identificativo: NIF/ DNI, Enderezo, Teléfono, Nome e Apelidos, Sinatura/ Pegada.

g.2. Outros tipos de datos: Datos económicos, financeiros e de seguros, Características persoais.

h) Sistema de tratamento: Mixto.

i) Medidas de seguridade: Nivel Básico.

j) Cesións ou comunicacións de datos: Outros órganos da comunidade autónoma, Órganos xudiciais, Bancos, Caixas de Aforros ou caixas rurais e os derivados de publicacións en boletíns oficiais, web e taboleiro municipal.

k) Transferencias internacionais: Non teñen prevista ningunha transferencia internacional.

3. FICHEIRO GESTIÓN CONTABLE.

a) Servizo ou unidade ante a cal o afectado pode exercer os seus dereitos:

Os interesados poderán exercer os seus dereitos sobre os datos contidos neste ficheiro, ante o Concello de Paradela, C/ Cabaleiros de Santiago, 15.-27611.- Paradela.- Lugo.

b) Denominación: Xestión Contable.

c) Descrición da finalidade e usos previstos: Contabilidade municipal, xestión de ingresos, gastos, provedores e acredores.

d) Finalidade: Xestión Contable, Fiscal e Administrativa. Procedemento Administrativo.

e) Orixe e procedencia dos datos: O propio interesado ou o seu representante legal, outras persoas físicas, entidade privada e administracións públicas.

f) Colectivos ou categorías de interesados: Provedores, Cidadás e Residentes.

g) Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro:

g.1 Datos de carácter identificativo: NIF/ DNI, Enderezo, Nº da Seguridade Social, Teléfono, Nome e Apelidos, Sinatura/ Pegada.

g.2. Outros tipos de datos: Datos económicos, financeiros e de seguros, información comercial e transacción de bens e servizos.

h) Sistema de tratamento: Automatizado.

i) Medidas de seguridade: Nivel Básico.

j) Cesións ou comunicacións de datos: Facenda Pública e Administración Tributaria, Organismos da Seguridade Social, Órganos xudiciais, Outros Órganos da Administración do Estado, Forzas e Corpos de Seguridade, e Outros Órganos da Comunidade Autónoma.

k) Transferencias internacionais: non teñen prevista ningunha transferencia internacional.

4. FICHEIRO GESTIÓN TRIBUTARIA.

a) Servizo ou unidade ante a cal o afectado pode exercer os seus dereitos:

Os interesados poderán exercer os seus dereitos sobre os datos contidos neste ficheiro, ante o Concello de Paradela, C/ Cabaleiros de Santiago, 15.-27611.- Paradela.- Lugo.

b) Denominación: Xestión Tributaria.

c) Descrición da finalidade e usos previstos: Xestión, Liquidación, Inspección e Recaudación dos tributos locais.

d) Finalidade: Facenda Pública e Xestión de Administración Tributaria.

e) Orixe e procedencia dos datos: O propio interesado ou o seu representante legal.

f) Colectivos ou categorías de interesados: Cidadás e residentes e contribuíntes e suxeitos obrigados.

g) Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro:

g.1 Datos de carácter identificativo: NIF/ DNI, Enderezo, Teléfono, Nome e Apelidos, Sinatura/ Pegada.

g.2. Outros tipos de datos: Circunstancias Sociais, Datos económicos, financeiros e de seguros.

h) Sistema de tratamento: Automatizado.

i) Medidas de seguridade: Nivel Medio.

j) Cesións ou comunicacións de datos: Organismos da Seguridade Social, Facenda Pública e Administración Tributaria, Órganos Xudiciais, Outros órganos da administración do Estado e Forzas e Corpos de seguridade.

k) Transferencias internacionais: non teñen prevista ningunha transferencia internacional.

5. FICHEIRO INVENTARIO.

a) Servizo ou unidade ante a cal o afectado pode exercer os seus dereitos:

Os interesados poderán exercer os seus dereitos sobre os datos contidos neste ficheiro, ante o Concello de Paradela, C/ Cabaleiros de Santiago, 15.-27611.- Paradela.- Lugo.

b) Denominación: Inventario.

c) Descrición da finalidade e usos previstos: Xestionar os bens de titularidade municipal actuais e futuros.

d) Finalidade: Outras finalidades.

e) Orixe e procedencia dos datos: O propio interesado ou o seu representante legal, fontes accesibles o público.

f) Colectivos ou categorías de interesados: Propietarios ou arrendatarios.

g) Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro:

g.1 Datos de carácter identificativo: NIF/ DNI, Enderezo, Teléfono, Nome e Apelidos, Sinatura /Pegada.

g.2. Outros tipos de datos: Datos económicos, financeiros e de seguros, circunstancias sociais.

h) Sistema de tratamento: Manual.

i) Medidas de seguridade: Nivel Básico.

j) Cesións ou comunicacións de datos: Rexistros públicos, Outros Órganos da Comunidade Autónoma, Bancos, Caixas de Aforros ou Caixas Rurales, Notarios, avogados e procuradores, Órganos Xudiciais.

k) Transferencias internacionais: non teñen prevista ningunha transferencia internacional.

6. FICHEIRO ORIENTACIÓN, PROMOCIÓN e FOMENTO do EMPREGO.

a) Servizo ou unidade ante a cal o afectado pode exercer os seus dereitos:

Os interesados poderán exercer os seus dereitos sobre os datos contidos neste ficheiro, ante o Concello de Paradela, C/ Cabaleiros de Santiago, 15.-27611.- Paradela.- Lugo.

b) Denominación: Orientación, promoción e fomento do emprego.

c) Descrición da finalidade e usos previstos: Orientación, intermediación e formación para a inserción laboral, xestión dos datos das persoas asesoradas ou participantes nas actividades de formación e apoio a emprendedores, empresarios e persoas que buscan emprego.

d) Finalidade: Traballo e xestión de emprego, Educación e Cultura, Outras finalidades.

e) Orixe e procedencia dos datos: O propio interesado ou o seu representante legal.

f) Colectivos ou categorías de interesados: Solicitantes, Demandantes de Emprego. Outros Colectivos: Emprededores e Empresarios.

g) Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro:

g.1. Datos de carácter identificativo: NIF/ DNI, Enderezo, Imaxe/Voz, Teléfono, Nome e Apelidos, Sinatura / Pegada.

g.2. Outros tipos de datos: Características persoais, Datos académicos e profesionais, Detalles de emprego, Información comercial e Circunstancias sociais.

h) Sistema de tratamento: Mixto.

i) Medidas de seguridade: Nivel Medio.

j) Cesións ou comunicacións de datos: Outros Órganos da comunidade autónoma, Outros órganos da administración local, Órganos Xudiciais e Sector Público da comunidade autónoma de Galicia.

k) Transferencias internacionais: non teñen prevista ningunha transferencia internacional.

7. FICHEIRO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES.

a) Servizo ou unidade ante a cal o afectado pode exercer os seus dereitos:

Os interesados poderán exercer os seus dereitos sobre os datos contidos neste ficheiro, ante o Concello de Paradela, C/ Cabaleiros de Santiago, 15.-27611.- Paradela.- Lugo.

b) Denominación: Padrón Municipal de Habitantes.

c) Descrición da finalidade e usos previstos: Xestión do Padrón Municipal de Habitantes.

d) Finalidade: Padrón de Habitantes.

e) Orixe e procedencia dos datos: O propio interesado ou o seu representante legal, Rexistros Públicos, Outras Persoas físicas e Administracións Públicas

f) Colectivos ou categorías de interesados: Cidadáns e residentes.

g) Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro:

g.1. Datos de carácter identificativo: NIF/ DNI, Enderezo, Teléfono, Nome e Apelidos, Sinatura/ Pegada.

g.2. Outros tipos de datos: Característica persoais e Académicos e profesionais.

h) Sistema de tratamento: Mixto.

i) Medidas de seguridade: Nivel Básico.

j) Cesións ou comunicacións de datos: Instituto Nacional de Estadística, Órganos Xudiciais.

k) Transferencias internacionais: non teñen prevista ningunha transferencia internacional.

8. FICHEIRO PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS.

a) Servizo ou unidade ante a cal o afectado pode exercer os seus dereitos:

Os interesados poderán exercer os seus dereitos sobre os datos contidos neste ficheiro, ante o Concello de Paradela, C/ Cabaleiros de Santiago, 15.-27611.- Paradela.- Lugo.

b) Denominación: Procedementos Administrativos.

c) Descrición da finalidade e usos previstos: Tramitación das reclamacións patrimoniais, expedientes sancionadores ou expedientes de contratación recursos en materia de tráfico así como calquera outra solicitude.

d) Finalidade: Procedemento Administrativo.

e) Orixe e procedencia dos datos: O propio interesado ou o seu representante legal, Outras persoas físicas.

f) Colectivos ou categorías de interesados: Solicitantes.

g) Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro:

g.1 Datos especialmente protexidos: Saúde

g.2 Relativos á comisión de infraccións: Datos relativos a Infraccións Administrativas.

g.3 Datos de carácter identificativo: NIF/ DNI, Enderezo, Teléfono, Nome e Apelidos, Sinatura /Pegada.

g.4. Outros tipos de datos: Datos económicos, financeiros e de seguros, Circunstancias sociais, Información comercial.

h) Sistema de tratamento: Mixto.

i) Medidas de seguridade: Nivel Alto.

j) Cesións ou comunicacións de datos: Entidades aseguradoras, Outros órganos da comunidade autónoma, Bancos, Caixas de Aforros ou caixas rurales, Órganos Xudiciais, e os derivados da publicación no taboleiro de anuncios, web e boletíns oficiais.

k) Transferencias internacionais: non teñen prevista ningunha transferencia internacional.

9. FICHEIRO RECURSOS HUMANOS.

a) Servizo ou unidade ante a cal o afectado pode exercer os seus dereitos:

Os interesados poderán exercer os seus dereitos sobre os datos contidos neste ficheiro, ante o Concello de Paradela, C/ Cabaleiros de Santiago, 15.-27611.- Paradela.- Lugo.

b) Denominación: Recursos Humanos.

c) Descrición da finalidade e usos previstos: Xestión do persoal o servizo do concello, funcionario ou laboral, indefinido ou temporal incluídos os membros da corporación, realización dos seus contratos e nóminas e xestión das oposicións ou procesos de selección de persoal.

d) Finalidade: Recursos Humanos e Xestión de Nóminas.

- e) Orixe e procedencia dos datos: O propio interesado ou o seu representante legal.
- f) Colectivos ou categorías de interesados: Empregados, Demandantes de Emprego e Cargos Públicos.
- g) Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro:
 - g.1 Datos especialmente protexidos: Ideoloxía, Saúde
 - g.2 Datos de carácter identificativo: NIF/ DNI, Enderezo, Imaxe/ Voz, Nº SS/ Mutualidade, Teléfono, Firma Electrónica, Nome e Apelidos, Sinatura /Pegada.
 - g.3. Outros tipos de datos: Características Persoais, Académicos e Profesionais, Económicos, financeiros e de seguros, Detalles de Emprego e Circunstancias Sociais.
- h) Sistema de tratamento: Mixto.
- i) Medidas de seguridade: Nivel Alto.
- j) Cesiões ou comunicacións de datos: Organismos da Seguridade Social, Facenda Pública e Administración Tributaria, Tribunal de Contas ou equivalente autonómico, Bancos, Caixas de Aforros ou caixas rurais, Outros Órganos da administración do Estado e os derivados da publicación no taboleiro de anuncios, web e boletíns oficiais.
- k) Transferencias internacionais: non teñen prevista ningunha transferencia internacional.

10. FICHEIRO REGISTRO DE DOCUMENTOS.

- a) Servizo ou unidade ante a cal o afectado pode exercer os seus dereitos:
Os interesados poderán exercer os seus dereitos sobre os datos contidos neste ficheiro, ante o Concello de Paradela, C/ Cabaleiros de Santiago, 15.-27611.- Paradela.- Lugo.
- b) Denominación: Rexistro de Documentos.
- c) Descrición da finalidade e usos previstos: Xestión rexistro e arquivo de documentación de solicitudes varias derivadas da actividade propia do concello.
- d) Finalidade: Procedemento Administrativo, Outras finalidades.
- e) Orixe e procedencia dos datos: O propio interesado ou o seu representante legal, Rexistros públicos, Outras persoas físicas, Entidade privada e Administracións públicas.
- f) Colectivos ou categorías de interesados: Cidadáns e Residentes, Contribuíntes e suxeitos obrigados, Propietarios ou arrendatarios, Representantes Legais e Cargos Públicos.
- g) Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro:
 - g.1 Datos de carácter identificativo: NIF/ DNI, Enderezo, Teléfono, Nome e Apelidos, Sinatura /Pegada.
 - g.2. Outros tipos de datos: Características Persoais, Circunstancias Sociais, Datos económicos, financeiros e de seguros, Información comercial e Transicións de bens e servizos.
- h) Sistema de tratamento: Mixto.
- i) Medidas de seguridade: Nivel Básico.

j) Cesións ou comunicacións de datos: Rexistros Públicos, Órganos Xudiciais, Outros órganos da administración do Estado, Outros órganos da Comunidade Autónoma, Outros órganos da Administración Local, Interesados lexítimos e según convenios firmados.

k) Transferencias internacionais: non teñen prevista ningunha transferencia internacional.

11. FICHEIRO SERVIZOS SOCIAIS.

a) Servizo ou unidade ante a cal o afectado pode exercer os seus dereitos:

Os interesados poderán exercer os seus dereitos sobre os datos contidos neste ficheiro, ante o Concello de Paradela, C/ Cabaleiros de Santiago, 15.-27611.- Paradela.- Lugo.

b) Denominación: Servizos Sociais.

c) Descrición da finalidade e usos previstos: Xestión e seguimento das persoas que son atendidas no departamento de servizos sociais do concello.

d) Finalidade: Servizos sociais.

e) Orixe e procedencia dos datos: O propio interesado ou o seu representante legal, Entidades privadas, Outras persoas físicas.

f) Colectivos ou categorías de interesados: Solicitantes, Cidadáns e residentes, Beneficiarios.

g) Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro:

g.1 Datos especialmente protexidos: Orixe racial ou étnico, Saúde e vida sexual.

g.2 Relativos á comisión de infraccións: Datos relativos a infraccións penais, Datos relativos a infraccións administrativas.

g.3 Datos de carácter identificativo: NIF/ DNI, Enderezo, Teléfono, Nome e Apelidos, Sinatura /Pegada.

g.4. Outros tipos de datos: Características persoais, Circunstancias sociais, Detalles de emprego, Datos económicos, financeiros e de seguros e Transaccións de bens e servizos.

h) Sistema de tratamento: Mixto.

i) Medidas de seguridade: Nivel Alto.

j) Cesións ou comunicacións de datos: Órganos Xudiciais, Outros órganos da comunidade autónoma, Outros órganos da administración local, Forzas e corpos de seguridade e Outras entidades públicas ou privadas con competencia na materia.

k) Transferencias internacionais: non teñen prevista ningunha transferencia internacional.

12. FICHEIRO URBANISMO Y MEDIO AMBIENTE.

a) Servizo ou unidade ante a cal o afectado pode exercer os seus dereitos:

Os interesados poderán exercer os seus dereitos sobre os datos contidos neste ficheiro, ante o Concello de Paradela, C/ Cabaleiros de Santiago, 15.-27611.- Paradela.- Lugo.

b) Denominación: Urbanismo e Medio Ambiente.

c) Descrición da finalidade e usos previstos: Xestión das solicitudes en materia de urbanismo así como as inspeccións nesa materia.

d) Finalidade: Procedemento Administrativo.

e) Orixe e procedencia dos datos: O propio interesado ou o seu representante legal, Fontes accesibles o público, Outras persoas físicas.

f) Colectivos ou categorías de interesados: Solicitantes, Cidadáns e residentes, Afectados e presuntos infractores.

g) Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro:

g.1 Relativos á comisión de infraccións: Datos relativos a infraccións administrativas.

g.2 Datos de carácter identificativo: NIF/ DNI, Enderezo, Teléfono, Nome e Apelidos, Sinatura /Pegada.

g.3. Outros tipos de datos: Circunstancias sociais, Información comercial e Datos económicos, financeiros e de seguros.

h) Sistema de tratamento: Mixto.

i) Medidas de seguridade: Nivel Medio.

j) Cesións ou comunicacións de datos: Outros órganos da comunidade autónoma, Outros órganos da administración local, Órganos Xudiciais, Bancos, Caixas de Aforros ou caixas rurais e os derivados da publicación no taboleiro de anuncios, web e boletíns oficiais.

k) Transferencias internacionais: non teñen prevista ningunha transferencia internacional.

ANEXO II

1. FICHEIRO SIUSS.

- a) Denominación: Siuss.
- b) Código de Inscripción: 2050980029
- c) Motivo da supresión: Ficheiro desactualizado.
- d) Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Estes datos pasan a formar parte do ficheiro de servizos sociais.

2. FICHEIRO REGISTRO ASOCIACIONES MUNICIPALES

- a) Denominación: Rexistro de Asociacións municipais.
- b) Código de Inscripción: 2043560415
- c) Motivo da supresión: Ficheiro desactualizado.
- d) Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Estes datos pasan a formar parte do ficheiro de cultura, xuventude e deporte.

3. FICHEIRO PADRÓN TRIB VEHICULOS TRAC MECANIC

- a) Denominación: Padrón trib vehiculos trac mecanic.
- b) Código de Inscripción: 2043560435
- c) Motivo da supresión: Ficheiro desactualizado.

d) Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Estes datos pasan a formar parte do ficheiro de xestión tributaria.

4. FICHEIRO PADRÓN DE HABITANTES.

- a) Denominación: Padrón de Habitantes.
- b) Código de Inscripción: 2043560258
- c) Motivo da supresión: Ficheiro desactualizado.
- d) Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Estes datos pasan a formar parte do ficheiro de Padrón municipal de habitantes.

5. FICHEIRO PADRÓN USUARIOS AGUA Y RRSU.

- a) Denominación: Padrón Usuarios agua y rrsu.
- b) Código de Inscripción: 2043560446
- c) Motivo da supresión: Ficheiro desactualizado.
- d) Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Estes datos pasan a formar parte do ficheiro de xestión tributaria.

6. FICHEIRO CONTABILIDAD.

- a) Denominación: Contabilidad.
- b) Código de Inscripción: 2043560286
- c) Motivo da supresión: Ficheiro desactualizado.
- d) Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Estes datos pasan a formar parte do ficheiro de xestión contable.

7. FICHEIRO NÓMINAS DE PERSONAL.

- a) Denominación: Nóminas de persoal.
- b) Código de Inscripción: 2043560323
- c) Motivo da supresión: Ficheiro desactualizado.
- d) Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Estes datos pasan a formar parte do ficheiro de recursos humanos.

Paradela, 17 de novembro de 2011.O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

A continuación procédese á votación, resultando aprobada a Proposta pola unanimidade dos dez Concelleiros que asisten á sesión, (oito do grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista) sendo once o número legal de membros.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NO CONCELLO DE PARADELA. 2012-2015.

O Sr. Alcalde-Presidente, inicia este punto da orde do día facendo un resumo do Plan, dicindo que é un bo Plan co fin de acadar o benestar no futuro, dando lectura á seguinte proposta de Alcaldía:

“II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NO CONCELLO DE PARADELA. 2012-2015.

O vindeiro venres 25 de novembro conmemórase un ano máis o Día Internacional contra a Violencia de Xénero. A pesar dos grandes avances lexislativos e da dotación de recursos materiais e humanos, o número de vítimas e as denuncias incrementáronse nos últimos anos. Á data, 54 mulleres morreron da man dos seus maridos ou parellas; dúas na nosa Comunidade. En Galicia un total de 1.117 mulleres teñen ordes de protección comunicadas polos xulgados; segundo os datos da Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero.

Neste contexto, co propósito de dar continuidade ás políticas de igualdade iniciadas co I Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Paradelas 2004-2008, que foi prorrogado por Decreto de alcaldía do 31 de decembro de 2008 ata finais do 2010; tras realizar no pasado exercicio, co financiamento da Secretaría Xeral de Igualdade e do Fondo Social Europeo, a oportuna avaliación dos seus resultados, dende o Punto de Información ás Mulleres, formulouse unha segunda ferramenta de planificación.

A súa aprobación e desenvolvemento suporá renovar o compromiso que esta entidade local asumiu desde hai varios anos coa sociedade paradelense e, especialmente, coas súas mulleres: Programar as medidas necesarias e emprender as accións oportunas co fin de acadar a igualdade plena de dereitos e oportunidades.

Conscientes de que a igualdade de oportunidades debe estar presente en todas as políticas e acción que a entidade emprenda, **con este documento búscase reforzar de forma importante o principio de transversalidade**; de xeito que todas as áreas deste Concello estean implicadas na súa execución; con medidas concretas e específicas.

Son sete as áreas de actuación que determina, no marco das tres liñas de intervención estratéxica elixidas. Unha delas dedicada especificamente á violencia de xénero: a necesidade de previr e intervir dun xeito integral.

Ahora ben, a posta en marcha deste II PIOM 2012-2015 como documento marco de traballo ten que ser o resultado da estreita colaboración dos distintos axentes sociais e institucións, pero tamén da cidadanía. Ningunha utilidade terá sen unir esforzos para continuar abrindo o camiño cara o cambio necesario. De ahí a importancia da súa difusión.

Dende a experiencia e os resultados da avaliación que se acometeu, cuns obxectivos alcanzables e formulados a partir dos proxectos que se prevén realizar durante os próximos anos nas distintas Delegacións municipais, este II Plan é o resultado dun importante proceso de traballo no que participaron fundamentalmente as técnicas de Servizos Sociais e de Promoción de Emprego e Formación, coa asistencia técnica dun empresa especializada e o financiamento da Secretaría Xeral de Igualdade.

O Plan presenta algunhas diferenzas respecto do anterior: Unha maior concreción das acción e medidas, a introdución de datos e táboas que reflicten a situación actual e a definición da forma de seguimento e avaliación continua interna e externa, coa introducción de indicadores específicos.

Todo isto permitirá poder comparar ao final da súa vixencia o seu nivel de incidencia no cambio cara á igualdade efectiva.

En vista de todo o anterior, o Alcalde-Presidente propón ao Pleno da Corporación a aprobación do II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Paradela 2012-2015.

Paradela 18 de novembro de 2011. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista D^a. Sonsoles López Izquierdo, dicindo que non é tan bo o Plan como di o Sr. Alcalde, xa que se ben non hai nada ao que se lle poda dicir que non, é un Plan bastante xenérico e superficial, no que ademáis existen erratas de tipografía e imprenta, no que non se inclúen accións concretas senón xeneralidades. Por outra banda, sinalar que se inclúen cuestións que foron propostas polo Grupo Socialista en diversas Mocións, que no seu momento se chegaron incluso a ridiculizar como o Comedor sobre Rodas e que se alegran de que se reconsiderase a postura e se contemplen no Plan, así como o tema das garderías que na época do bipartito no Goberno Autonómico non se considerou oportuno solicitar por parte do Concello e que tamén se contemplan no Plan como una medida no fomento da igualdade.

Facer asemade, unha crítica respecto do uso do termo “Mainstreaming de xénero”, que evidentemente só é coñecido polos especialistas na materia, e que fai referencia á cultura da igualdade de xénero, polo que se deberían empregar termos que todo o mundo entenda.

Di por último que o seu Grupo Municipal vai a votar a favor do plan, se ben considera que se podería facer algo máis concreto.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, dicindo que se trata dun Plan no que se marcan as liñas de actuación, un plan aberto adaptable ás necesidades da poboación.

Dona Sonsoles López, toma a palabra dicindo que está de acordo en que as mulleres no mundo rural son as vigas maestras da familia, pero ahí é onde está a dificultade e a necesidade de cambiar iso, establecendo as alternativas para levalo a cabo.

A continuación procédese á votación do Plan, resultando aprobado pola unanimidade dos dez Concelleiros que asisten á sesión, (oito do grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista) sendo once o número legal de membros.

A S U N T O S D E U R X E N C I A

Fóra da Orde do Día e previa declaración de urxencia acordada pola unanimidade dos dez Concelleiros que asisten á sesión, (oito do grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista) sendo once o número legal de membros, adoptouse o seguinte acordo:

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 18/2001, PRIMEIRA BAIXO A MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, resultando o crédito inicial insuficiente e non podendo ser obxecto de ampliación, motivado nas subvencións concedidas polo AGADER para a instalación solar fotovoltaica aillada para a alimentación dos motores da potabilizadora do Concello e para as instalacións solares térmicas para ACS nos edificios deportivos; sendo necesaria a habilitación de crédito para as cantidades que lle corresponde aportar ao Concello, xa que no momento de aprobación do orzamento non se coñecía a convocatoria das citadas subvencións nin polo tanto a concesión e contía das mesmas, por importe de 26.934,64 € e 26.399,39 € respectivamente.

Vistos os créditos iniciais insuficientes para facer fronte as os compromisos expresados, faise necesario tramitar o oportuno expediente de suplemento de crédito de acordo co previsto no art. 177 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo por que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que se financiará con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais.

Desta forma propónse realizar unha modificación do orzamento, baixo a modalidade de suplemento de crédito, por importe de 32.728,14 euros, co seguinte detalle:

Altas en Partidas de Gastos

Partida		Descripción	Euros
Funcional	Económica		
Área de Gasto	Artículo		
1	62	Servizos públicos básicos. Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos.	18.068,76
3	62	Promoción de bens públicos de carácter preferente. Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos.	14.659,38
		TOTAL GASTOS	32.728,14

Esta modificación financíase de entre os medios sinalados no art. 177.4 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Alta en Partida de Ingresos

Partida	Descripción	Euros
Económica		
Cap. Art. Concepto		
870.00	Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais. Aplicación para a financiación de suplemento de crédito.	32.728,14
	TOTAL INGRESOS	32.728,14

En base a normativa citada, e ao informe emitido pola Secretaría Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte Proposta:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 18/2011, primeira baixo a modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, de acordo co seguinte resume por capítulos:

ESTADO DE GASTOS

B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL

CAPÍTULO VI: Inversións Reais 32.728,14 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNs FINANCEIRAS

CAPÍTULO VIII: Activos financeiros 32.728,14 €

SEGUNDO.- Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinarlo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

En Paradela, a 23 de novembro de 2011. O Alcalde, Asdo.: José Manuel Mato Díaz “

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron formalmente preguntas por escrito, se ben dase a posibilidade de poder facelo neste intre, non formulándose pregunta algunha.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do vinte e catro de novembro de dous mil once, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Visto e prace
O Alcalde

O Secretario-Interventor

En cumprimento do disposto no art. 56.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e art. 196.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, remito:

- Acta da sesión ordinaria, celebrada polo Pleno da Corporación, en data 24 de novembro de 2011.

Paradela, 29 de novembro de 2011

O Alcalde-presidente

José Manuel Mato Díaz

EXCMO. SR. SUBDELEGADO DO GOBERNO de LUGO

